

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez e Ramón Vázquez Díaz, membros do **grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa aos medios humanos e materiais suprimidos no xulgado de instrución número 1 de Lugo.

A sociedade galega non sae do seu abraio no tocante as innumerables causas xudiciais nas que se atopan inmersos numerosos representantes públicos, quen abusando do seu cargo, teñen empregado as institucións cidadás en beneficio e lucro propio.

Alternativa Galega de Esquerda ven reclamando dende hai tempo máis medios para a administración de xustiza, no referente aos recursos materiais dos xulgados e no que respecta a dotación de efectivos persoais para conseguir unha xustiza verdadeiramente efectiva.

A falla de medios materiais, de cadros de persoal e de tempo para proceder en condicións axeitadas ao progreso en causas de corrupción moi complexas facilita as tramas de corrupción certa impiedade e aos partidos que as amparan unha tregua temporal.

AGE ten insistido unha e outra vez, na necesidade de crear unha Fiscalía Anticorrupción na liña do establecido pola Fiscalía do tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dende onde se extrae “como principal conclusión, a carencia de estruturas especializadas para a abordaxe deste tipo de criminalidade complexa, xeralmente cometida con sofisticados recursos”.

Ter máis medios e axilizar as causas, son elementos necesarios para combater de raíz a corrupción político-empresarial, polo que a Xunta de Galicia ten corresponsabilidades en conseguir os medios necesarios para loitar contra a corrupción político-empresarial se é que realmente quere acabar con esta lacra que tanto está a afectar a nosa sociedade.

Mais a pesar de todas estas e outras evidencias, o goberno galego está a someter a un verdadeiro plan de recorte e asfixia ao xulgado de instrución número 1 de Lugo,

sobrecargándoo de traballo e impedindo que se resolvan con celeridade as causas nas que se atopa traballando.

A principios do mes de xaneiro o xulgado de instrución número 1, perdeu o Xuíz de reforzo que tiña adscrito, pouco despois quedou sen a secretaria titular e máis recentemente perdía dúas funcionarias dependentes da Xunta de Galicia. Todo un réxime de adelgazamento do cadro de persoal dun Xulgado cunha importante actividade na loita contra a corrupción existente noso país.

Resulta indecente que dende as mesmas instancias e persoas que reclaman a celeridade nas actuacións xudiciais, se estea a obstruír a acción da xustiza pola vía do recorte de medios humanos e materiais. Pero máis grave é se cabe, que dende instancias oficiais se acometan recortes que afectan a investigacións nas que están implicadas institucións públicas e os seus responsables.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral Plenaria:

- Comprométese o goberno galego a repoñer de inmediato a situación anterior do xulgado de instrucción 1 de Lugo revogando as súas propias resolucións da dirección xeral, así como a demandar que cando se nomee un xuíz de reforzo que se complemente cun cadro de persoal equivalente a un xulgado de número, é dicir, tres xestores, tres tramitadores e un auxilio xudicial?

En Compostela, a 24 de febreiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 24/02/2015 11:45:45

Ramón Vázquez Díaz na data 24/02/2015 11:45:48